

O Recanto

¿Quén é "completamente consecuente"?

Victorino Pérez Prieto

Remataba o Recanto da semana pasada falando do acto organizado polo "Bienio Irmandiño" para o sábado día 16 (onte) na nosa cidade de Ferrol, no Centro Cultural Torrente Ballester. Trátase de "Galegos de por vida", unha das iniciativas do devandito Bienio Irmandiño, organización que quere traballar pola normalización do galego na Igrexa e nas institucións galegas. Nesta iniciativa, unha serie de persoas asinan ante notario un documento no que manifestan que son galegas, que a súa lingua é o galego, que nela traballan e se relacionan, que nela tamén -ós que son crentes- rezan e celebran a súa facendo poden... e que queren que sexa esta a súa lingua ata a morte, polo que desexan que as palabras que se digan no seu pasa-

mento sexan nesa lingua, e se non que as exequias se fagan... en silencio.

Falaba tamén naquel recanto de que un acto semellante non é coma un "meteorito extraño" caído entre nós, posto que hai unha longa tradición galeguista na cidade e na bisbarra de Ferrolterra, como rubricaba a longa lista de persoeiros ferroláns alí apuntada (políticos, artistas e, sobre todo escritores en galego).

Hoxe quería engadir unhas reflexións sobre certo xuízo que presuntamente descalificaría a algúns firmantes do devandito Manifesto, ou representaría un problema para outros posibles firmantes, pois significaría para eles un grave "escrúpulo de conciencia". O problema estaría en que algúns firmantes non sería

"completamente consecuentes" con esa presunta radicalidade no galego, posto que non o falan a cotío, e moito menos -os crentes practicantes- nas súas respectivas parroquias. Ademais de que, no último caso, iso non depende só dos leigos, senón -sobre todo- do cura da parroquia á que pertencen, posto que estas comunidades non adoitan funcionar de xeito democrático, habería que dicir dúas cousas. Xa Chao Rego escribía recentemente, consonte coa súa historia persoal: "Todos aqueles que chegámos serodidamente á galeguidade e, especialmente, á adopción da nosa fala a cotío, fomos vítimas algún tempo da nosa diglosia, sen que por iso se nos poida dicir que tivemos unha lingua bífida, partida en dúas, coas que iríamos convivin-

do arrastrándonos coma réptiles. Se outros tiveron paciencia conosco, vai sendo hora de que paguemos na mesma moeda ós que non dan arrincado". Noutra ocasión contarei tamén o meu propio camiño. Necesidade, logo, de respectar e animar pacientemente os distintos procesos, máis rápidos ou máis lentos, no galégo. Pero quero engadir algo máis: ¿Quén é "completamente consecuente" na súa vida? Os cristiáns dicimos que -agás Xesús Cristo e María de Nazaret- todos somos pecadores, e, polo tanto inconsecuentes coa nosa fe. É calquera persoa que sexa sincera consigo e cos demais, terá que admitir que todos somos, en maior ou menor grado, contradictorios nalgún ou en varios aspectos. O esforzo sincero por acadar un ideal, non supón o seu cumprimento perfecto. O importante é sempre ir facendo o camiño, pois "faise camiño ao andar", como dixo o poeta.